

O ANTEPROXECTO DA LOMCE

NOVA ESCOLA GALEGA quere achegarlle á comunidade educativa e á sociedade unha primeira avaliación de carácter xeral sobre o anteproxecto da LOMCE (*Lei orgánica para a mellor da calidade educativa*), anticipando que o alcance das modificacións que este anteproxecto introduce na LOE requirirá sucesivas análises e avaliacións máis polo miúdo.


CONTEXTO XERAL

O primeiro elemento de reflexión é sen dúbida o contexto xeral no que se dá a coñecer este anteproxecto e o proceso seguido para a súa presentación pública. Un contexto sociopolítico marcado desde o comezo da lexislatura por un ataque constante á educación pública na procura do seu desprestixio social, cuestionando a profesionalidade do profesorado, o grao de implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas, incidindo no enfrontamento entre colectivos, ou achegando solucións alegais aos problemas que formula a drástica redución dalgunhas medidas de protección social (gratuidade dos libros de texto, bolsas de comedor etc). Un período no que, baixo a coartada da crise, de maneira unilateral e sen a mínima negociación, coa dubidosa cobertura legal do decreto de medidas urxentes, se alteraron as condicións laborais e do exercicio da docencia para o conxunto do profesorado (máis horas lectivas, menos salario, peores condicións por mor do aumento das ratio, da supresión de distintos programas e/ou medidas de reforzo ou apoio etc) deixando sen efecto importantes compromisos recollidos en leis orgánicas como a mesma LOE (*Lei orgánica de educación*) ou programas vencellados a obxectivos do sistema educativo subscritos no marco europeo (programa 0-3, Escola 2.0...). A este respecto pode consultarse no noso web (www.nova-escola-galega.org) o *NEG Opina* de maio deste ano.

Este imprescindible exercicio de memoria recente evidencia como algúns aspectos da LOE foron xa derrogados sen necesidade de trámite parlamentario ningún, pese a dispor o goberno dunha maioría máis que suficiente para garantir a súa aprobación. Paralelamente practicouse a agardada profilaxe ideolóxica na área de “*Educación para a cidadanía e os dereitos humanos*” substituindo as alusións ao ámbito afectivo emocional e as referencias á pobreza e ás desigualdades polo valor da iniciativa privada como motor económico e a familia no marco constitucional, entre outros contidos moito menos “contaminados”.

O 9 de xullo preséntase publicamente o primeiro documento “*Propostas para o anteproxecto da LOMCE*”, un esquemático borrador cuxo contido fora anticipado polo ministro nunha intervención no Campus-FAES, e que foi a base das primeiras reunións do equipo ministerial con representantes de distintos colectivos. No período estival o ministerio abriu a posibilidade de enviar suxestións vía correo electrónico, sobre as que ofrece un resumo no seu web.

O anteproxecto que se presenta agora, moito máis extenso, permite observar a letra pequena -os artigos modificados, os engadidos e os suprimidos da LOE, máis a entradiña- desta nova norma de



artigo único, na que se van debullando alteracións e mudanzas que alcanzan a 65 artigos, o que afecta a algo máis do 40% dos seus preceptos e a moitos dos elementos nucleares da súa filosofía educativa. Polo que se desprende dos posicionamentos dalgúns colectivos, aquelas primeiras consultas agocharon aspectos de calado que emerxen agora.

Parece que a intenção do ministerio, formalmente aberto ao consenso e ao debate, é tramitado diante dos distintos órganos consultivos antes de levalo ao parlamento.

Os meses que seguen serán unha nova proba de resistencia, na que o equipo do ministro Wert e o goberno no seu conxunto evidenciarán a súa vontade real de aproximación e “diálogo sincero” coa comunidade educativa e outras forzas políticas e colectivos sociais, para non converter o debate e aprobación desta lei -en valoración do ministerio “sensata, prudente e baseada no sentido común”- nun exercicio de soberbia política. E non será doado, toda vez que algunhas comunidades e nacionalidades teñen xa expresado a súa oposición á perda de competencias que algúns aspectos da nova norma presentan.

Destaca poderosamente a formulación da medida da calidade do sistema: en función do "output" (resultados dos estudantes) e non do "input" (niveis de investimento, número de profesores, de centros etc).

Dous apuntamentos imprescindibles na contextualización desta reforma: o aumento progresivo do financiamento público á rede privada -un 30% nos últimos cinco anos, segundo datos achegados polo INE- e a obrigada referencia ao proxecto orzamentario presentado para o 2013, confirmando que nos dous últimos anos as partidas para educación descendieron nun 31%. A súa desagregación permite apreciar as partidas máis afectadas, caendo drasticamente o investimento en programas e iniciativas asociadas á igualdade de oportunidades (bolsas, educación compensatoria...) e suprimindo directamente os créditos destinados a programas de cooperación coas comunidades, como o PROA, Plan de abandono escolar temperán e mellora das ensinanzas estranxeiras. Retrocedendo aos niveis de hai trinta anos, esta nova redución orzamentaria sitúa nun 3,9 do PIB a contribución á educación.

Estes datos contextuais, aos que se suman as propias declaracións do ministro gabándose do aforro que se pretende conseguir, lévannos a pensar que estamos diante dunha reforma que pretende lexitim-

mar con carácter estrutural unha política de recortes inicialmente conxuntural. Wert e o goberno do Partido Popular pretenden dar por sentado, para que así o acepte a opinión pública, que a educación é un “gasto” que cómpre reducir na presente conxuntura económica mediante un simple exercicio contable, e non un “investimento” irrenunciábel, que precisa consolidarse e mellorarse mediante unha gran dose de sensibilidade social e sentido de estado para non perdermos o futuro do capital humano que representa a nosa infancia e a nosa mocidade.

DIÁGNOSE, OBXECTIVOS E FINALIDADES DA REFORMA

Tanto na xustificación do documento inicial de *Propostas* coma no preámbulo do anteproxecto da LOMCE apréciase unha supeditación da educación á economía, situándose a escolarización ao servizo da empregabilidade. Case non existen referencias a outras finalidades relacionadas co desenvolvemento integral das persoas, á mellora da convivencia ou ao desempeño da cidadanía democrática.

Ofrece un diagnóstico sobre o sistema educativo que, recoñecendo importantes avances nas últimas décadas, sinala como problemas principais o elevado fracaso escolar, as altas taxas de abandono educativo temperán, as baixas taxas de alumnado excelente e os pobres resultados nos informes internacionais (PISA), situación que demanda unha mellora do nivel educativo como aposta polo crecemento económico e a competitividade. E propón introducir cambios substantivos na propia estrutura do sistema e noutros elementos nucleares para aumentar a súa calidade.

Destaca poderosamente a formulación da medida da calidade do sistema: en función do "output" (resultados dos estudantes) e non do "input" (niveis de investimento, número de profesores, número de centros etc).

O propio PISA si considera imprescindible para a diagnose os múltiples condicionamentos de partida, sobre os que todas as recomendacións internacionais chaman a incidir desde orientacións compensatorias, moito máis nun tempo de crise e precisamente para saír dela.

Os efectos perversos que tal pretensión provoca non deben ser ignorados. Sitúa no punto de mira exclusivamente os resultados dos estudantes e promove pola vía das sucesivas avaliacións a clasificación dos centros educativos -obrigados a competir



nun heteroxéneo e desigual marco de condicións inducendo á responsabilización do profesorado e das súas familias, deixando fóra da cobertura de asunción de responsabilidades o conxunto do sistema e, no limbo, os seus directos administradores. Só así pode explicarse a teimuda obsesión do ministro por defender que a mingua de recursos non afecta á calidade.

Non son só as únicas políticas posibles para reducir o déficit- provocado pola burbulla inmobiliaria e fi-

nanceira que desincha minando os piares do estado do benestar- senón que ademais resultan inocuas para a calidade do sistema educativo. No articulado, e nun exercicio de corta-apega mal calculado, o propio anteproxecto deixa indemnes, contraditoriamente con esta afirmación, varios artigos da LOE nos que se recoñece a importancia de ter en conta o punto de partida e os recursos para as avaliacións. A apelación aos resultados de PISA para diagnosticar as graves doenzas do enfermo esquecen que o pro-



pio PISA si considera imprescindible para a diagnose os múltiples condicionamentos de partida, sobre os que todas as recomendacións internacionais chamaman a incidir desde orientacións compensatorias, moito máis nun tempo de crise e precisamente para saír dela.

Os resultados desiguais dos e das estudantes parecen derivarse do seu talento e das súas aspiracións, tamén distintos, e para os que o sistema educativo deseñará traxectorias diferenciadas que permitan desenvolver potencialidades e elixir segundo aspiracións. Unha morea de probas axudarán a detectar eses talentos e os resultados acadados redimensionarán "ambicións realizables para todos". As referencias xerais a unha suposta elección individual, esquecendo as frecuentes ocasións nas que o propio sistema non deixa máis opción que conformarse co descarte, é unha coñecida cortina de fume do neoliberalismo. A desconsideración do "input" e o desprezo polos procesos só pode defenderse desde o descoñecemento da pedagogía máis elemental ou desde a defensa ideolóxica dun sistema que pretenda agochar a súa orientación segregacionista, clasista e elitista.

PRINCIPAIS MEDIDAS

As principais medidas que este anteproxecto presenta para desenvolver os obxectivos desta reforma refírense aos seguintes aspectos:

FLEXIBILIZACIÓN DAS TRAXECTORIAS NA ESO

- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento en 2º e 3º.
- Anticipación dos itinerarios cara ao Bacharelato e á Formación Profesional.
- A Formación Profesional inicial, que vén substituír os PCPI.
- 4º curso da ESO como curso de iniciación con dúas traxectorias diferenciadas.

A segregación temperá supón a renuncia do sistema á procura de fórmulas que permitan a consecución de obxectivos para o conxunto do alumnado nunha etapa obrigatoria. Os seus efectos máis directos consisten en derivar o alumnado que teña malos resultados a un limbo no que unha parte non obterá a titulación da etapa. Titulación que deixa de ser común, ao formularse dúas orientacións que dan acceso a vías diferenciadas: ensinanzas aplicadas á Formación Profesional e ensinanzas académicas ao Bacharelato, sempre e cando se supere unha reválida con probas tamén distintas.

IMPLANTACIÓN DE PROBAS DE ÁMBITO ESTATAL

Nalgúns casos posuirán un carácter determinante para a progresión no sistema e terán efectos de sinalización sobre os niveis de esixencia e de comparabilidade de resultados entre centros. Están previstas en 3º e en 6º cursos de Educación Primaria (EP), en 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), e en 2º de Bacharelato. Unha morea de probas coa que se pretende aguilloar o esforzo dos estudantes e dos centros por acadar e reflectir mellores resultados sobre aspectos moi parciais da educación. Unha forma moi efectiva de control do currículo cara á súa maior homoxeneización e recentralización, que redundará nunha maior desprofesionalización da docencia.

Unha morea de probas axudarán a detectar eses talentos e os resultados acadados redimensionarán "ambicións realizables para todos". As referencias á elección individual cando o propio sistema non deixa máis opción que conformarse co descarte é unha coñecida cortina de fume do neoliberalismo.

A combinatoria entre probas con distintas finalidades, algunhas delas moi seguidas, e con carácter decisivo para a consecución dos títulos e a progresión no sistema, ten efectos nocivos que non deberan ser descoñecidos para o equipo ministerial. Para empezar non é certo que se inaugure con elas un capítulo de maior obxectividade sobre os resultados do sistema. Máis ben ao contrario, porque a súa transcendencia minguará e contaminará elementos clave: desde o sentido da avaliación continua, pasando polo currículo -no que previsiblemente todo o que non se avalíe se verá desvalorizado- e no que as novas esixencias poden derivar na memorización e repetición de contidos por parte dos estudantes, deixando á marxe aspectos relacionados co traba-

llo colaborador e coa creatividade, empobrecendo e acomodando as metodoloxías docentes a estas finalidades.

Se do que se trata é de valorar o grao de madurez académica, a consecución dos obxectivos da etapa ou a viabilidade do tránsito do alumnado para a etapa seguinte, é evidente que a avaliación continua sobre o conxunto das competencias do currículo é superior a unha proba escrita sobre aspectos parciais nun momento puntual e final do proceso de aprendizaxe. Por non falar dos custos económicos que un proceso destas características pode ter e dos efectos nocivos que son de agardar da comparabilidade entre centros, máxime cando eses datos sexan administrados baixo unha orientación recentralizadora e privatizadora. O anteproxecto non establece o carácter público dos axentes externos encargados das valoracións das probas, abrindo a porta a que poida tratarse de empresas privadas.

Albíscase un novo xacemento de emprego para os docentes damnificados pola compactación curricular e outras medidas de aforro, nas academias ou pasantías particulares para prepararen as reválidas e outras probas, sempre que as familias poidan asumir o sobrecusto.

SIMPLIFICACIÓN CURRICULAR, REFORZO DAS MATERIAS INSTRUMENTAIS E RECENTRALIZACIÓN

Deixando á marxe o debate sobre a conveniencia de repensar a condición de instrumental asociada exclusivamente a unhas materias, o anteproxecto desmárcase unha vez máis da idea dun currículo integrado e interdisciplinar, incluso na primaria.

De maneira sorprendente e contradicindo o seu propio criterio de simplificación curricular desdobra "Coñecemento do medio" en Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, regresando ao currículo da EXB e rompendo unha traxectoria singular que conta con recursos didácticos moi variados. Os problemas que se poden derivar en Galicia por mor das marxes da aplicación do decreto do Plurilingüismo súmanse-lle ao efecto recentralizador que sobre o currículo terá a redución de competencias das comunidades autónomas, segundo o previsto na modificación do artigo 6.2.

Na secundaria, as materias segundo eles "non prioritarias" ou consideradas por algúns como "extravagantes", desaparecen ou perden peso, e o efecto perverso das avaliacións externas ameaza con facelas insignificantes. O nesgo das materias que desaparecen -Educación para a Cidadanía, Ética e Ciencias para o mundo contemporáneo- é evidente: non estamos para "mamandurrias" (en frecuen-

te expresión de Esperanza Aguirre), formulacións ideolóxicas ou distraccións do principal. Liquidábase tamén o Bacharelato de artes escénicas, se cadra porque ese tipo de creatividade non debe formar parte das ambicións dos e das estudantes dese nivel... ou porque xa se estima que a suba do IVE no ámbito da cultura cortará de raíz calquera aspiración de formarse para o teatro, a música ou a danza. Tecnoloxías e Educación Artística tamén diminúen a súa presenza. Hai sorprendentes mudanzas tanto na ESO como nas diferentes modalidades do Bacharelato que haberá que analizar con detalle, aínda que serán os decretos de desenvolvemento da lei os que darán unha fotografía máis precisa dos cambios.

É de agardar unha certa contestación sectorial segundo materias e ámbitos, agravada pola pretensión do ministerio de optimizar ao máximo os recursos humanos sen unha fronteira clara que determine os límites no encargo de materias, tal e como formula nunha nova disposición transitoria que afonda na desprofesionalización da función docente (Anteproxecto LOMCE, punto 62).

AUTONOMÍA DOS CENTROS, ESPECIALIZACIÓN, E REFORZAMENTO DAS DIRECCIÓNS

Este é un dos aspectos máis novidoso da reforma. Combinado con outras medidas o resultado é radicalmente diferente do que se cadra cabería agardar sobre a necesidade, sentida, de afondar na autonomía pedagóxica como resposta responsable dos centros ás necesidades educativas do alumnado, desde a perspectiva do dereito a unha educación de calidade e baixo a cobertura do sistema no que toca á dotación de recursos de todo tipo.

Aínda que se fala de profundar na autonomía dos centros, o certo é que un dos novos artigos restrínxe a cuestións metodolóxicas sempre baixo as directrices da administración. Pero onde verdadeiramente se reflicte o seu sentido é no artigo 122, referido aos recursos, ao que lle engaden un punto 4 no que a maior autonomía dos centros se asocia ao desenvolvemento de proxectos de calidade que propiciarían a súa especialización nos ámbitos curricular, funcional e por tipoloxía do alumnado, con actuacións similares ás que agora coñecemos como contratos-programa.

Para estas accións de calidade, de carácter competitivo, os centros disporán de autonomía tanto na xestión dos recursos humanos como dos materiais e financeiros. As direccións dos centros terán atribucións para adaptaren os recursos humanos e os materiais e financeiros, afondando na procura de maiores espazos para a privatización.



A perda de peso tanto do profesorado no seu conxunto como dos órganos colexiados do centro, claustro e consello escolar -convidado de pedra ao quedar relegado a funcións puramente consultivas- apuntan a un reforzamento do modelo xerencialista

A perda de peso, tanto do profesorado no seu conxunto como dos órganos colexiados do centro, claustro e consello escolar -convidado de pedra ao quedar relegado a funcións puramente consultivas- apuntan a un reforzamento do modelo xerencialista e empresarial.

e empresarial, no que existe a capacidade de acomodar os recursos a un proxecto que pode seleccionar a súa clientela.

Este modelo de xestión afonda na fenda social a través da educación. Perverte o sentido do dereito á educación e a tan cacarexada liberdade de elección de centro, que funcionará á inversa –como xa sucede na privada e na rede concertada, co reforzo aos centros que segregan por sexo, amparados agora na modificación do artigo 84.3-; minimiza aínda máis a idea de comunidade educativa, ao reforzar exponencialmente as atribucións das direccións que, para maior abundamento e por obra e graza do disposto na modificación do artigo 135, poderán ser nomeadas practicamente pola administración educativa.

REDESEÑO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional adquire -a xuízo do ministerio- un novo impulso, que se completará co



deseño da chamada formación dual no marco das empresas. Estruturarase en tres niveis:

- Formación Profesional Básica, á que acceden aqueles que non acadan o título de ESO a partir dos 15 anos e que, a pesar de que se garante a adquisición de competencias básicas propias da ESO, non o van acadar ao seu remate. Obterán un título de graduado en formación profesional básica que os faculta -vía proba- para acceder ao Ciclo de Grao Medio.
- A este segundo nivel pode chegarse tamén a través dun curso formativo ou dunha proba deseñados de maneira centralizada polo goberno e co título de Graduado en ESO, vía ensinanzas aplicadas. Ou tamén se se cursou a vía das ensinanzas académicas pero se superou a reválida prevista para as aplicadas, o que permitiría pasar do Bacharelato aos Ciclos de Grao Medio.
- Aos Ciclos Superiores accédese desde o título de Bacharel -cursado o Bacharelato e sen reválida- e desde os Ciclos Medios máis unha proba de admisión, cuxas condicións regulará o goberno, pero que pode quedar baixo a responsabilidade dos centros. Tamén se poderá acceder desde un curso de

Ao tempo que establece pasarelas entre niveis dentro da propia formación profesional, permite chegar aos ciclos superiores de forma paralela ao Bacharelato, de maneira que esta progresión académica no sistema pode percibirse como unha vía de segunda categoría.

formación específico, regulado polo goberno, e a partir dos 19 anos, vía proba.

Este deseño abre interrogantes, porque ao tempo que establece pasarelas entre niveis dentro da propia formación profesional, permite chegar aos ciclos superiores de forma paralela ao Bacharelato, de maneira que esta progresión académica no sistema pode percibirse como unha vía de segunda categoría, en niveis que estaban logrando superar ese estigma. Ao incluír o primeiro nivel na concertación garántese a extensión da privatización (artigos 84.7 e 116.6) e está por ver se se incorporan vías de pagamento nos niveis non obrigatorios, como algunhas administracións autonómicas xa comezaron a facer.

O Anteproxecto outórgalle relevancia ao papel das TIC, pero mestura intencións de aforro vinculadas aos programas de reforzo e de formación do profesorado con control dos materiais por parte do goberno, que parece reservarse aquí certas competencias, ao tempo que pode augurar un espazo de negocio na dotación de materiais para as plataformas.

Outro aspecto que se pretende estrutural é o apoio ao Plurilingüismo, con breves apuntamentos sobre o desenvolvemento das linguas estranxeiras, nas que se descende a cuestións do plano didáctico e se promove o desenvolvemento das competencias asociadas á oralidade... que logo serán avaliadas en probas escritas. Con todo, as declaracións do ministro enleando o desenvolvemento das competencias autonómicas co auxe do independentismo, os modelos lingüísticos baseados na inmersión das linguas propias cos resultados na avaliación sobre competencias lingüísticas e gabándose da súa intención de españolizar ao alumnado catalán, non auguran unha formulación respectuosa coa necesaria protección e desenvolvemento do conxunto das linguas do estado, e coas competencias atribuídas ás comunidades.

CONCLUSIÓN

NEG entende que estas medidas non promoverán a calidade do sistema, nin moito menos a súa equidade, e dificilmente lograrán reducir o fracaso escolar e o abandono temperán. Se acaso rebaixarán as estatísticas ao reconduciren algúns “efectivos” cara á formación profesional básica e reducirán a porcentaxe de alumnado que acceda a estudos universitarios. Acentuaranse as diferenzas entre centros, e non precisamente pola relevancia dos seus proxectos innovadores, senón por vermos sancionadas con esta lei estratexias de captación do alumnado esencialmente privatizadoras.


Incide na desprofesionalización do profesorado ao que se lle modifican, outra vez, as condicións de traballo e se lle reduce o ámbito de decisións respecto de aspectos fundamentais da vida dos centros. Queda en suspenso a formulación do estatuto docente. A idea de comunidade educativa, que foi perdendo potencia nas sucesivas reformas, xa nin sequera salva o plano formal, o que resulta paradoxal co discurso conservador que pretende –cando convén– facer prevalecer os dereitos das familias en determinados aspectos do currículo, ou no “ideario educativo” dos centros.

No seu debate de investidura como Presidente do Goberno, Mariano Rajoy indicou “No podemos permitírnos el lujo de replantear el modelo de educación al compás de cada cambio de gobierno”. Porén, este proxecto da LOMCE mina o actual modelo educativo, facéndoo retroceder a tempos predemocráticos.

Cómpre recuperar outro discurso e promover medidas alternativas para a mellora da calidade do sistema. Nese sentido animamos ao colectivo docente, ás familias e ao propio alumnado a unha profunda reflexión e a participar no necesario debate social que unha modificación de tal calado educativo e social esixe.



PRÓXIMAS ACTIVIDADES



☞ **V Congreso Manuel Luís Acuña. Nos tempos en que Acuña era bacharel** - Casa da Cultura da Pobra de Trives (Ourense) - 26 e 27 de outubro.



☞ **III Congreso Ibérico "A fenda dixital" / TIC / Escola e desenvolvemento local** - Auditorio Municipal da Póvoa de Varzim (Portugal) - 23 e 24 de novembro.



ENGÁDESTES?



NOVA ESCOLA GALEGA vén desenvolvendo unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla. Grazas.



Nova Escola Galega · Rúa San Clemente, 18-baixo · 15705 · Santiago de Compostela
Tfno./Fax 981.56.25.77 · Apdo. 586 · www.nova-escola-galega.org · neg@mundo-r.com
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)